

Recibimos este correo do SERGAS:

*Boa tarde:*

*De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os aspirantes nomeados para o desempeño de postos de xefatura e coordinación de licenciados sanitarios, polo procedemento de avaliación colexiada, obteñen un nomeamento para o desempeño do posto por un período inicial de catro anos de duración. Engade o Decreto que, antes da finalización do referido período, os profesionais serán avaliados para os efectos da súa prórroga por idéntico período ou remoción.*

*Neste intre, no que se está próximo o momento en que proceden as primeiras reavaliacións, temos constatado que se trata dunha materia que precisa desenvolvemento. Por iso foi elaborado un [borrador de Orde pola que establecen as bases do procedemento para a reavaliación de determinadas xefaturas de persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde](#).*

*Achegamos dito borrador, coa finalidade de que ata o venres 28 de xaneiro nos poidan facer chegar as alegacións que consideren oportunas.*

*Pola nosa parte remitiremos tamén o borrador ás institucións sanitarias do Sergas, así como a outras entidades que poidan ter a condición de interesadas.*